

ENTREVISTA DE MANUEL VIDAL VILLAVERDE no GALICIA HOXE

2009

1.- Literatura e compromiso, mensaxe, cal é o teu posicionamento?

Escribir é un compromiso inicial coa vida. Palpita unha mínima ansia de inmortalidade na escrita, mesmo na de suicidas [Plath], na de lúcidos amargos [Cioran] ou na de humildes sen remedio [Spinoza].

No tocante a compromiso social, coido que non existe esa división entre literatura de compromiso e literatura por literatura. Máis ben creo que se trata dunha ilusión óptica. Toda literatura está inconscientemente comprometida de antemán. Hai xente que o fai obvio, case obsceno; hai, pola contra, xente convencida de se dedicar á arte pola arte sen xamais tomar partido por nada.

Ambos tipos de xente se enganan. A literatura comporta como unha princesa comprometida. Eu, mesmo que non queira, estou condenada a ser posicionada por ela. Estou condenada a unhas coordenadas xeopolíticas, a unha situación moral da humanidade. Mesmo que non queira. E, créame, ás veces non quero.

Sáeseme.

2.- Poderías bosquejar unhas breves pinceladas autobiográficas?

Raza humana. B+ . Sen alerxias coñecidas. Carnet de conducir B1. Debería usar lentes para ler. Podería ter nacido en Bruxas en 1497, ou onda o volcán

Sadimán hai 3'5 millóns de anos, pero o certo é que fun aparecer en 1974 e na Coruña. Podería ser xade, uz, aminoácido, lobo polar, criatura de Frankenstein, nebulosa en Orión... pero fun homo. Modalidade: muller.

Tocoume ser esta [?] e aquí [?].

Dedícome primordialmente á escrita e á música.

Licencieime en dúas -loxías [Socioloxía e Filoloxía Hispánica] e traballo como cantante e ocasional actriz de teatro. Son, así mesmo, profesora nun centro de publicidade. Interésame o perspectivismo, o ilusionismo que internet brinda e por iso boa parte da miña actividade trasládoa á rede.

www.estibalizes.wordpress.com

3.- A escolla dun idioma é inherente a identificación cun pobo, cunha nación?

Escoller un idioma presupón que un ten esa capacidade, a de escoller. O cal xa é de agradecer. Nas escollas, por liviás que semellen, sempre existe un mínimo de vontade identificadora. Orabén, o suxeito desa identificación non ten por que ser necesariamente unha nación ao completo.

Eu prefiro identificarme coa miña bisavoa Dorotea, coa miña nai Emilia, co meu irmán Guillermo, co meu fillo, co seu pai e tamén co meu pai. Cos guindastres do porto da Coruña, con Dexo, coa arpista da Sinfónica. Son fragmentos de nacións.

Todos falaban ou falan linguas diferentes.

4.- O teu próximo poemario, xa a saír é "Zoommm", poderías contarme algo del?

Zoommm. Textos biónicos aparece en Xerais ano e medio despois de que fose publicado na rede, na Regueifa Plataforma, detalle de valentía e aposta que agradezo moito á editorial.

É un libro sobre a creación, sobre a condición de creador, sobre a vida. Inclúe textos fragmentarios de conversas de internet, pero basicamente é un libro de

poemas. Sigo con esas teimas miñas que xa non trato de ocultar: a ciencia, a cosmoxía, a trampa física dos textos, a dispersión/anulación da identidade, a neuroloxía, os contos de fadas, o drama, a retranca e a saudade.

5.- Con palabras, Estíbaliz, que imaxe poderías ti facer do tempo?

De verdade que hoxe soñei con esas palabras.

Esquecinas.

6.- Que tal te levas coa novela, coa narrativa en xeral?

Lévome bárbaro. A “novela” está sempre petando na miña porta pedindo sal. A “narrativa en xeral” faime transfusións de sangue periódicas dende que teño 7 anos. Somos do mesmo grupo sanguíneo. Ela finanza o que publico nos blogs dende o ano 2005 e a meirande parte dos meus textos, éditos ou inéditos.

As dúas son ben riquiñas comigo, malia que eu coa novela ás veces non me teño portado ben. Ríome un chisco da súa convicción de ser a forma literaria sublime do noso tempo. Ela fai como que non se entera.

Ás veces ata facemos tríos.